

O presente documento estará  
exposto no Taboeiro de  
Anuncios desta Deputación  
desde o día 15-07-2020  
ata a día 15-08-2020  
O XEFE DA UNIDADE  
PORTERÍA E VIXIANCIA

P.O. 

---

## SERVIZO DE RRHH

### Anuncio

**ANUNCIO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE 10.07.2020 PARA A CORRECCIÓN DO ERRO MATERIAL NO BAREMO DE MÉRITOS DAS BASES XERAIS POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A ELABORACIÓN DE LISTAXES PARA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE CARÁCTER TEMPORAL NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO. COTA XERAL OU COTA DE DISCAPACITADOS (BOP núm. 079, do 06.04.2020)**

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 10.07.2020, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

*“Por acordo da Xunta de Goberno de data 13.03.2020, apróbanse as bases xerais polas que se establecen as normas para a elaboración de listaxes para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de discapacitados), Anexo I.- Baremo de méritos e Anexo II Modelo solicitude procesos selectivos temporais da Deputación Provincial de Lugo, publicadas no BOP núm. 079, do 06.04.2020*

*Producíndose erro material na transcripción das puntuación relativas a base 2.2.1.2 do Anexo I - Baremo de méritos das Bases Xerais e considerando o establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que textualmente di: "As Administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais de feito o aritméticos, existentes nos seus actos", propónse a Xunta de Goberno que proceda a súa corrección do seguinte xeito:*

**1º.- Onde di:**

**2.2.1.2 Cadro de Valoracións dos certificados de profesionalidade:**

CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE	RELEVANTES	RELACIONADOS
NIVEL 1	0.50	0.30
NIVEL 2	0.40	0.20
NIVEL 3	0.30	0.10

**2º.- Debe dicir:**

**2.2.1.2 Cadro de Valoracións dos certificados de profesionalidade:**

CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE	RELEVANTES	RELACIONADOS
NIVEL 3	0.50	0.30
NIVEL 2	0.40	0.20
NIVEL 1	0.30	0.10"

PAZO PROVINCIAL, 13 DE XULLO DE 2020.- A SECRETARIA XERAL.- María Esther Álvarez Martínez.

R. 1517

O presente documento estará  
exposto no Taboeiro de  
Anuncios desta Deputación  
desde o día 15-07-2020  
ata a día 15-08-2020  
O XEFE DA UNIDADE  
PORTERÍA E VIXIANCIA

*R.O. [Signature]*